

Edita: Club Montañeiros Celtas.  
 Dirección: Marisa Núñez Suárez  
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto  
 Traducción: Marisa Núñez e Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle  
 Colaboran neste número: Marisa Núñez, Xulio Troitiño, María Villaverde, Carlos, Lourdes Castiñeira, Antón García, Penélope Aranda, Jesús Estévez, Eugenia Carrera, Alberto Fontenla, Carolina Rodríguez.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.  
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola  
 Presidencia da Xunta  
 de Galicia.  
 Secretaría Xeral de  
 Política Lingüística.



**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora  
 Concello de Vigo  
 - Área de  
 Participación  
 Cidadá



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 87

SETEMBRO 2007

Editado 7/09/07

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
SETEMBRO	8-9	Villalón	Travesía Ancares Leoneses	S.D. Montañismo
	8-9	Courel	12º Campamento infantil-xuvenil	S.D. Espeleoloxía
	9	Cabo Udra	Inmersións submarinas sucesivas	S.D. Actividades Subacuáticas
	14	Local Social	Festa reencontro	S. Act. Sociais
	15	Cangas	Actividade Kalak de Mar	S.D. Actividades Subacuáticas
	16	Galiñeiro	Xornada de iniciación á escalada	S.D. Escalada
	16		XIX Marcha Galega de Montañeiros Veteranos	FGM- C.M. Xistra
	22		Xornada infantil-xuvenil de actividades subacuáticas	S.D. Actividades Subacuáticas
	22-23	A Seara	Saída de bici de montaña polo Courel	S.D. Bici
	22-23	Aloia	Marcha nocturna Gondomar-Aloia	S.D. Senderismo
	22-23		Curso de Escalada Artificial	EGE
	23	Ría de Vigo	Xornada de mergullo con tubo	S.D. Actividades Subacuáticas
	29-30		Curso Iniciación ás técnicas de Montañismo	FGM-EGAM
	30	Portugal	Arcos de Valdevez- Gêres	S.D. Senderismo
30	Budiño	Xornada de escalada	S.D. Escalada	
OUTUBRO	Outubro		Curso mergullador unha estrela	S.D. Actividades Subacuáticas
	6-7	Portugal	Escalada en Val de Poios	S.D. Escalada
	6-7		Curso Iniciación ás técnicas de Montañismo	FGM-EGAM
	6-7	Mondoñedo	Práctica de Espeleosocorro	EGE
	7	Illas Cíes	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	7	PR-G1	Marcha popular	S.D. Senderismo
	12, 13 e 14	Elxe	XXX Marcha Nacinal Veteranos	FEM
	12, 13 e 14	Asturias	Ponga	S.D. Montañismo
	20-21	Quiroga	Campamento de Outono	S.D. Infantil
	21	Cea-Lalín	VIII etapa Camiño da Prata	S.D. Senderismo
	21	Parada do Sil	I Carreira por Montaña FGM. Ribeira Sacra: 28'5 Km, +1.200 m desnivel	FGM-C.M. Ribeira Sacra
	20-21	Quirós	Xornadas de escalada	S.D. Escalada
	21	Cangas	Cangas-Cela	S.D. Senderismo
	21	Fornelos de Montes	Subida ao Coto de Eiras	S.D. Bici
	27-28		Campamento social	S.D. Espeleoloxía
	27-28	Moreda	Travesía polo Caurel: Moreda-Formigueiros-Pía Páxaro-Ferreiros	S.D. Montañismo
	28	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

## ANDAINA POPULAR SENDEIRO PR-G1 "GALIÑEIRO" 7 de outubro 2007

Club Montañeiros Celtas no seu afán de promover unha forma sinxela de facer deporte en contacto coa natureza quere difundir a utilización de pequenos sendeiros que permitan á toda a familia compartir unha actividade nun entorno natural.

Nos arredores da nosa cidade de Vigo, situada nun privilexiado enclave, existen numerosos sendeiros que están ao alcance de todos, o que permite que campo e cidade camiñen xuntos e se dean a man, tan só é preciso difundilos e dalos a coñecer para que todos teñamos a oportunidade de gozar deles.

O pasado ano e no transcurso do mes de outubro, organizamos unha Andaina Popular polo PR-G

2, dende o monte Galiñeiro ao Aloia, con gran éxito de participación.

Este ano a nosa pretensión é repetir unha experiencia como a anterior, dando a coñecer o sendeiro circular do Galiñeiro, o PR-G 1 que esperamos teña unha participación cando menos igual de fructífera que a pasada..

O proxecto que pretendemos desenvolver ten varias fases de actuacións.

1.- Colocación dun panel indicativo e explicativo do sendeiro, onde quede recollida toda a información precisa e clara do camiño, a súa lonxitude, duración, desnivel, dificultade, servizos...

2.- Marcación do sendeiro con sinais renovadas de pintura branca e amarela (indicativos de sendeiro de pequeno percorrido), así como con sinais verticais, é dicir, postes que faciliten a comprensión do percorrido. Este traballo está sendo realizado por socios do noso club.

3.- Difusión do sendeiro coa organización desta Andaina Popular.

A cita será o 7 de outubro ás 10.30 horas. M.N.

### SENDEIRO GALIÑEIRO PR-G1

Lonxitude: 8,4 km  
 Dificultade: media  
 Tempo estimado: 3 horas

SAÍDA: Domingo 7 outubro ás 10 horas  
 LUGAR: Subida ao Monte Galiñeiro-Vincios

### PARTICIPANTES:

Poden participar persoas de todas as idades. Non é preciso ser soci@ do Club nen estar federados

Os nenos deben ir acompañados dun adulto

### INSCRICIÓNS

O prazo finaliza o mércores 4 de outubro  
 É preciso cubrir boletín de inscrición  
 Prazas limitadas  
 Prezo: 3 €, inclúe avituallamento.



### Neste número:

Andaina popular	1
Axenda	2
Info Xeral Club	2
Bici de Montaña	3
Escalada	3
Actividades do Club	4
Senderismo	4
Infantil/ Juvenil	5
Actividades Subacuáticas	5
EspeleoSección	7
Vindeiras Actividades	8

## AXENDA

Venres, 14 setembro Festa Reencontro. No Club ás 20.30 horas

Venres, 21 setembro Fotografías- Verán 2007- No Club ás 20.30 horas.

Novembro Fotografías- Perú 2007- Por Jose Carlos e Ana Fernández. Data por determinar.

## INFO XERAL DO CLUB

### Festa de Reencontro








O vindeiro venres día 14 de setembro, ás 20:30 horas, festa de reencontro no local de montañeiros celtas. Animádevos a colaborar para organizar unha festa de volta ás actividades montañeiras

### VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA

Como xa se informou en anteriores boletíns, este ano o noso Concurso de Fotografía estará dedicado ao noso apreciado e socio Distinguido CHITO VEIGA.

A exposición será coma sempre na Casa do Libro do 15 de decembro ao 7 de xaneiro.

Os premios aos que poderedes optar son os seguintes:

PRIMEIRO PREMIO	1200 EUROS	TROFEO "COVSA" 
SEGUNDO PREMIO	600 EUROS	TROFEO "CAIXANOVA" 
MELLOR FOTO ESCALADA/ALPINISMO	300 EUROS	TROFEO "EL NIÑO" 
MELLOR FOTO ESPELEOLOXÍA/CANÓNS	300 EUROS	TROFEO "SECRETOS DEL MAR" 
ACCÉSIT	150 EUROS	TROFEO "INNOVA ÓPTICA" 
MELLOR FOTO PÚBLICO	LOTE LIBROS	"CASA DEL LIBRO" 
MELLOR FOTO SOCIO	FIN SEMANA CURSO ESQUÍ EN SAN ISIDRO	"VIAXES MARSANS" 

Prazo límite de presentación de obras o 23 de novembro ás 21.30 horas  
Máximo dúas obras por autor, tamaño mínimo 20x27 cm. e máximo 30x45 cm.

Temática de Montaña e o seu entorno natural e humano.

Recibiredes máis información en próximos boletíns.

Consulta: [concursofoto2007@celtas.net](mailto:concursofoto2007@celtas.net)

## ESPELEOSECCIÓN


### Cova de Saballeiros

1 xullo 2007

Unha viaxe lóstrego no día para visitar a Cova de Saballeiros, cerca de Láncara-Lugo. Alá fomos Lourdes, Emilio, Marina, Carol, Ana R., Óscar Q., Jacobo Ulloa e os seus fillos Lucía e Jacobo.

Aínda que estabamos en verán, o tempo era frío e húmido. Visita e percorrido pola cova para matar o verme, algunhas fotos para a lembranza e volta para os coches.

A sección



### Serra de Guara

14-15 xullo 2007

Aproveitando estas cousas dos avións, esta fin de semana de vaga de calor, Carol e mais Gelo dedicáronse a facer algún canón na Serra de Guara. O sábado, a remollo no Barranco de Cueva Cabrito. En vez de subir despois ao coche, continuamos polo Barranco dos Estrechos del

Balced, polo que invocamos a algunha alma caritativa que nos subiu ata a cabeceira do primeiro para recoller o coche. O domingo, intención de facer o Barranco da Peonera, pero tocounos facer turismo, pois había demasiada xente e as costas de Gelo resentíase do día anterior. Volta para Madrid e ao día seguinte avión para Vigo.

A Seccion

### XVII Campamento Galego de Descenso de Canóns (FGE-GES Irmandiños).

Pesoz (Asturias) 21-22 xullo 2007

Case a última hora o GES Irmandiños organizou o campamento de canóns da FGE. O lugar elixido foi Pesoz, en Asturias, cerca de Grandas de Salime. Alá fomos Emilio B., Daniel, Carol, Óscar Q., Conchi, Marta, Guille, Iago e Miguel. Chegamos para comer rapidiño e despois de ter

turistas e cambiar o plan de auga fría por tapiñas e cervexa no bar. Viaxe de regreso para Vigo e parada no Castro de Viladonga para facer unha visita.

A Seccion

algo de información dos canóns que podiamos facer pois decidimos ir ao Bco. de San Martín. Acompañounos a organización, que nos levou, despois de deixar os coches na saída do canón, á cabeceira. Empeza o canón cun largo pateo polo río dunha hora ata que chegas ao primeiro rápel. Varios rápeles bonitos, a auga fría, algunha corda que se atranca ao recuperar e temos que cortala e a pasalo ben. Tardamos 5 horas en facelo e saímos case de noite con outro largo tramo de andar. Chegamos á cea organizada xa tarde, pero algo nos deron e bo estaba. O domingo día de orballeira que fai dubidar ás nosas gañas, polo que despois de acercarnos á outra zona de canóns, decidimos facer de



## ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

### XII Descenso do río Tea

3 xuño 2007

Volvemos ao río Tea...

O ano pasado xa fixera o descenso do Tea, pero quedei na metade. Este ano díxerame a min mesma que tiña que baixalo ata o final. Non amenceu moi despexado, un sol moi morno e a néboa que viña de levantarse recibíannos no polideportivo de Mondariz-Balneario a iso das nove e media. Por alí fóronse achegando uns cantos tolos dispostos a mergullárense no río. Apareceron Conchi, Miguel, Juan Carlos, do G.E.S. M. Celtas, Sechu, Carlos, Jose Carlos, David, Silvia, Maruxa, que aturou de todos nós con paciencia infinita, e un feixe de xente descoñecida que ían baixar tamén. ¿Serían todos de subacuáticas? Vin un par de caras coñecidas ¿ti estiveches o ano pasado?. Tamén se achegou comigo dende Coruña o meu amigo Carlos do GES Brigantium.

Unha parella do Seprona estaba na saída, como dixo Conchi, para que os pescadores non nos confundiran con troitas. Para poder levar a cabo a actividade o club tivo que solicitar para este domingo todos os coutos dende Mondariz-Balneario a Pontearreas. ¡Vaia! Os do Seprona pensarían que íamos andar á pesca submarina.

Juan Carlos do GES quedou voluntario como parte da organización xunto a Maruxa, na parte exterior do río. Logo de organizar máis ou menos os coches coa roupa seca, tomamos a saída polo menos vintecinco participantes. Sucédíanse con axilidade tramos máis tranquilos con tramos de augas máis vivas. Que nos rápidos se baixa cos pés por diante !! O río levaba máis auga que o ano pasado, e un pouquiño máis de corrente, polo que íamos avanzando con rapidez. Custábame afacerme ás gafas e aínda non respiraba ben pola boca, pero sentíame ben. Vimos troitiñas a esgalla, bastante pequenas. Hai quen puido ver ata unha lamprea. Aínda estaba un pouco anubrado, pero a medida que avanzaba a mañá acompañounos máis o sol.

Cando chegamos á beira do campo de golf a febre da pesca de pelotas de golf contaxiouse entre os participantes. Mentres algúns non demos pescado nin unha, outros e outras xa levaban os neoprenos cheos. Semellaban ovos de tartaruga e non eran sinxelas de ver. Algunhas estaban cubertas dun leve verdello e semisoterradas no fondo. Comezaron tamén as primeiras cambras nalgúns participantes, máis polo frío que polo esforzo.

Nun destrepe no que a corrente tiraba con forza, Déborah

mancouse no nocello, cando lle quedou trabada a perna. Faltaba un chisquiño para o primeiro descanso, nunha praia na que era necesario saír para evitar un tramo de augas vivas como unha lavadora, onde era doado quedar prendido. Alí esperábannos Juan Carlos e Maruxa con bebidas.

Marian e outro rapaz saíron do río e acompañaron a Déborah ao médico en Pontearreas. Foi unha dolorosa escordadura. Quedaron tamén nese punto Jacobo, e David. O resto volvemos ao río uns metros máis abaixo tras un descansiño. O sol xa pegaba de cheo.

O percorrido ata a ponte Caneiro, fíxose curto. Para os que levan a cabeza dentro da auga, o río estaba cheo de bichería. Para os que a levaban fóra, o entorno do río era un gozo para a vista, cheo de vexetación exuberante. Nas zonas máis remansadas só se escoitaban os paxaros. Daba moita sensación de tranquilidade.

Chegamos á ponte !! os bocadiños, os iogures e os flans soubéronnos a gloria. Isto de baixar coa corrente parece que non, pero cansa. Revisión do persoal ¿quen non está moi canso? ¿quen non ten frío? Mirade que logo non se pode saír ata o final...

Para a segunda metade do percorrido saímos Sechu, Celia, Carlos Goday, Jose Carlos, outro Carlos máis que xa repetira o ano pasado, David, Alberto, que pese a ir xeado co seu neopreno de 3 mm, prefire morrer de frío antes que perder a diversión, e mais eu. Arrancamos ás dúas e media da tarde. Estimamos que estaríamos abaixo ás catro. Oito persoas. Agora o río non corre tan rápido. Por momentos hai que manter un ritmo coas aletas. ¿pero non me dixestes que neste tramo non había rápidos? Atravesamos cando menos catro ou cinco destrepes máis. O tramo final fíxose un pouco lento, pero a corrente seguiunos axudando. A auga parecía que enturbaba un pouquiño. Alberto seguía tirando fotos. Apareceu un grupo de patíños coa súa nai agochados entre as polas da beira.

As gafas xa me empezaban a molestar. Cando me decato, aparece a primeira casa na parte esquerda do río. Xa debíamos estar preto do couto da Freixa. Chegamos ao couto ás 16:15, todos xuntos, todos a un ritmo similar, cansos e sorrintes, pero non derreados. Mudámonos axiña e.. a gozar das viandas. Logo veu o sorteo de material, as camisetas...Recoller, ir a buscar os coches a Mondariz, e despedirnos. O Tea espéranos o ano que vén, para os que lles quedou o bulbule de non facelo enteiro...se Alberto se decide a organizalo outra vez.

Eugenia Carrera Formosos

## NOVAS SECCIÓN

**27/09/2007:** Reunión Sección Actividades Subacuáticas: Principais puntos a tratar: Actividades 2008. IMPORTANTE A ASISTENCIA.

**29/09/2007:** Xornada infantil-xuvenil de Actividades Subacuáticas: Durante a Xornada os participantes poderán practicar distintas modalidades deportivas englobadas dentro das Actividades Subacuáticas: mergullo con tubo, bautismo subacuático, natación con aletas... Actividades GRATUÍTA

**30/09/2007:** Xornadas de mergullo con tubo: Os

participantes serán trasladados en barco a distintos puntos da ría para coñecer os distintos fondos que ofrece. Actividades GRATUÍTA.

**Outubro:** Curso de mergullador unha estrela: Convócase un novo curso de mergullador unha estrela, que capacita para mergullar con equipo autónomo de mergullo ata unha profundidade de 25m. PREZOS SUBVENCIONADOS  
Camiseta de licra: O Club vai comprar unhas camisetas de nailon de manga longa serigrafadas co escudo. As persoas interesadas en adquirir unha deben apuntarse na lista xa aberta no Club. O prezo será de 18€.

## BICI DE MONTAÑA

### Saída nocturna en bici de montaña polo

Galiñeiro - 21 de xullo 2007

O pasado sábado 21 de xullo desenvolveuse unha saída nocturna polo Galiñeiro. A marcha estaba prevista realizala o día 14 de xullo, pero debido á coincidencia coa actividade do campamento de verán, decidiuse pospola unha semana. E que acertada foi a decisión, pois así puidemos gozar dunha fabulosa noite, sen frío nin calor.

Pois ben, alí estábamos, onde o refuxio do galiñeiro, o sábado ás 21:30 oito persoas dispostas a gozar dunha xornada, un pouco distinta, de bicicleta de montaña. Sen moitos preámbulos e logo de deixar as cousas no refuxio, iniciamos o descenso ata o lugar de Vincios. Había que aproveitar a luz do día que aínda había para aventurarse camiño abaixo por esas corredeiras do Galiñeiro. E coidado coas pedras e buratos, pois quen non tivese a pericia de sortealos ou se despistase un chisco podía acabar cos seus ósos no chan, como así pasou nunha ocasión, na que non houbo que lamentar ningunha baixa.

Logo de chegar a Vincios, seguimos pola estrada de Gondomar- O Porriño, dirección a Zamáns. Neste tramo non había máis problema que o dos coches. Sorte que levabamos luces para facernos ver. Unha vez pasado o encoro collemos por un camiño á dereita, seguindo ás indicacións do sendeiro panorámico de Vigo. Neste punto xa era noite, polo que había que estar atentos aos sinais e ás rugosidades do camiño, e cando falo de rugosidades,

refírome a buratos, pedras soltas e demais accidentes orográficos. Esta foi a parte máis bonita do percorrido. Había que facer ciclismo intuitivo e se non andabas moi fino, como era o meu caso, estabas obrigado a pór o pé en terra ao menor inconveniente. Moi divertido.

Chegamos sen ningún problema ao punto de partida, que era o refuxio de montaña que ten o club no monte do Galiñeiro. Alí pasamos a noite catro persoas: Carlos, Fontenla, Miguel e mais eu. A noite estaba preciosa, pero fóra do refuxio facía pelete, así que estivemos máis dentro que fóra.

Ao día seguinte, Carlos, Fontenla e eu fixemos a ruta do Galiñeiro-Aloia, redondeando, deste xeito, a fin de semana de bicicleta de montaña.

### VINDEIRA SAÍDAS DE BTT

22-23 setembro

A vindeira fin de semana do 22 e 23 de setembro os de bicicleta de montaña imos ao Courel. O programa desta saída é o de subir ata o pico Pía paxaro e o de seguir o curso do río Soldón. Para iso desprazáronos ata á Seara, onde se atopa o refuxio de montaña da Federación Galega de Montaña que empregaremos para durmir a noite do sábado, e dende alí comezarán os dous percorridos que faremos esa fin de semana.

Animádevos que a saída ben vale a pena!

Xulio Troitiño

## ESCALADA

### III CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE BASE

Club Montañeiros Celtas- Federación Galega de Montañismo

2 de xuño 2007

A pista vermella do pavillón dos deportes das Travesas acolleu novamente, e por terceiro ano, o Campionato Galego de escalada de base, que se desenvolveu en dúas fases. Unha competitiva con rapaces de 12 a 17 anos- e outra non competitiva, con rapaces de 3 a 11 anos.

A participación foi numerosa, en total 69 rapaces, dos que 26 pertencían ao noso Club.

Na fase non competitiva os rapaces puideron ter contacto co mundo da escalada xa que cun arnés e un casco postos, experimentaron a experiencia de gabear polas paredes do bulder. Houbo ademais taller de nós, diversos xogos e merenda para todos.

Os rapaces que participaron na fase competitiva do evento enfrontáronse a vías de escalada de diferentes dificultade. Club



Montañeiros Celtas está ben orgulloso dos seus rapaces, pois coparon a maioría dos premios. A clasificación final foi a seguinte:

	Nome e apelidos	Idade	Localidade	Club	Final	Posto
12-14 ANOS	De Frutos, Alejandro	12	VIGO	P. TREVINCA	17*	1º
	Piñeiro Fuertes, Daniel	14	VIGO	M CELTAS	17*	2º
	Dominguez Escola, Pedro	12	VIGO	M. CELTAS	16	3º
15-17 ANOS	Rodríguez Carracedo, Joël	15	VIGO	M. CELTAS	TOP	1º
	Vilar Expósito, Adrián	16	VIGO	M.CELTAS	21	2º
	Pazos Outón, Miguel	17	REDONDELA	M. CELTAS	13	3º

## ACTIVIDADES DO CLUB

### Campamento de verán: Rianxo

14-15 de xullo 2007

Un ano máis marchamos ao Campamento de Verán en Rianxo. Iso de verán é por centrarnos nas datas do calendario. Xa sabiamos que teriamos estupendas sardiñas “fresculé” e non decepcionaron para nada, o pan e viño resgardados baixo os parasoles que nos ameazaban con chegar voando á seguinte Ría, e un bo ambiente, iso si, baixo uns nubarróns que ameazaban borrasca e vento de bastantes nós fronte ao mar.

O resto da infraestruturas improvisouse alí mesmo, nun intre baixo a dilixente man de Maruxa a quen por iso de ser presidenta en funcións, tocoulle por primeira vez organizar este entretido evento (como a lotería) para tropecentos aguerridos montañeiros celtas.

Estes, facendo honra ao seu nome aguantaron baixo vento e marusía ata gozar do delicioso manxar do mar, preparado por uns voluntarios afeitos ao tema, dirixidos por Antonio Caldelas coa inestimable asistencia de Jose e Vázquez que tanto soben montañas, cruzan ríos, como nos preparan estupendas sardiñas, a pesares do vento en contra, pois non deixaba de rolar e afumalos por todas partes.

Xa todos ben comidos e bebidos do froito do mar e das vides do ribeiro, a gozar do roscón rico, rico. E logo dos cafeíños e licores varios baixo aquel vendaval que

azoutaba aos parasoles.

A media noite, cada quen foise retirando á súa tenda e pequenas gotas comezaron a caer, pouco a pouco, e unha especie de diluvio acompañounos case que toda a noite, maravilloso panorama estival.

Amenceu escuro e sen deixar de chover. O plan para o día seguinte era piragüear no río Umia baixo a dirección de Eduardo de Mi Kayak, pero a iso das nove como o tempo non melloraba, os nubarróns e o vento seguían azoutando a Ría de Vilagarcía, decidimos suspender a actividade para evitar riscos innecesarios.

Todos estabamos decepcionados por este tempo invernal en pleno xullo, para que logo algúns afirmen que o cambio climático e un conto chinés.

Cada quen foi pensando en organizar a súa xornada de domingo, logo deixou de chover por un momento.

Almorzamos co resto do roscón que sobrou da noite, puxémonos morados, e ata parece que quixo saír o sol. Isto durou un anaco, logo volveu poñerse e ceo negro ¿Que facer? Finalmente uns poucos decidimos saír ó mar. Maruxa estreou a súa piragua do trinque, o dono do cámping tiña unha lancha pneumática para salvarnos en caso de naufraxio e alugamos tres piraguas, das que non se afunden.... ¡¡vaia equipo¡¡ Baixamos ao mar ben pertrechados, preparamos os barcos e todos a remar,

cruzamos a baía que tiñamos fronte ao cámping.

Un sol demasiado radiante deulle por saír e achicharrounos, o vento de travesía zapateounos un pouco ao regreso. Pero todos contentos iso si, por facer algo de mar. Os outros conseguiron botar a lancha de “salvamento” ao mar aínda que un fallo do motor fixo desistir a estes estupendos vixiantes da praia, mentres, os demais foron tomar un baño de sol e auga.

Ao regreso houbo callos para repoñer forzas e xeados como fin de festa. Só quedaba recoller o campamento e despedirnos ata a próxima vez.

María Villaverde



## SENDEIRISMO

### Camiño de Santiago Vía da Prata VII Etapa

1 de xullo 2007

Domingo, 1 de xullo, 8,30 da mañá, reunímonos na Praza de España uns cantos para facer a etapa Ourense-Cea, todos estabamos pensando o mesmo seguramente, hoxe imos coller unha molladura das que se contan, antes de subir aos coches un comentario do amigo Antonio: imos cara ó oeste e alí seguramente o tempo mellorará, non moi convencidos puxémonos en marcha cara Cea. Ao chegar, cafeíño repoñedor, deixamos alí un coche e fomos para Ourense para empezar a etapa. Puxémonos a camiñar pola N-120 un quilómetro ou dous, desviámonos á dereita e empezamos unha subida das que marean só de vela e por riba asfaltada, co ben que nos levamos todos co asfalto. Rematou a costa nunha aldea chamado O Castro, alí paradiña de piscobais que o tiñamos ben gañado, de momento o tempo estíbese portando. Neste tramo varias polbeiras e carteis que anunciaban a festa do pan de Cea que era o mesmo día. A tentación da tapa de polbo era grande aínda que a esas horas non tiñamos moita fame. A partir de aí o camiño mellorou moito, era pista de terra por entre árbores con pouco

Páxina 4

desnivel, xa levabamos un par de boas horas de camiñada cando Antonio nos suxire desviarnos un pouco da ruta para ir na busca duns petroglifos que segundo el había na zona preto dun muíño, que estaba bastante feito po. Non apareceu petroglifo ningún pero foi divertido ir na busca deles. A explicación que lle deu Antonio é que seguramente estaban tapados por un muro do muíño derrubado pero para poñerse a mover pedras. Baixo algunha chubisqueira sen importancia chegamos a unha aldea chamada Mandrás e aí paramos para xantar, houbo quen se tivo que mover pola aldea na busca dun sitio onde mercar pan pero o único que aparecía eran carteis da ditosa festa do pan de Cea. Compartindo o que había, ningún quedou con fame e continuamos a marcha por pista falando e comentando todo o que atopabamos ao noso paso. Un par de compañeiros puxéronse a facer competición de ventosidades entre comentarios como “festa rachada”, etc. Grazas por facerme rir. Así fomos chegando a Cea e despois de dar unha volta pola festa e mercar uns moletes de pan, rematou un domingo dos que animan a repetir.

Carlos

Club Montañeiros Celtas

## INFANTIL - XUVENIL

### Marcha Infantil de Verán

8 de xullo

Démolle un xiro ao Campamento de Verán e convertémolo en Marcha de Verán, non foi un éxito de participación, só 21 entre nenos e maiores, pero si foi un éxito de actividade. O desprazamento en barco da unha tinteira distinta, o día de sol que tiñamos encargado comportouse, o percorrido de gran beleza, a praia: A Cala ... con aquela sombra todo un luxo-, ata a auga estaba menos fría ca outros días, ou polo menos os pequenos non saían dela, ... e por suposto: a compañía, o mellor dos alicientes.

Non sei se serían os aires mareiros, nesta marcha trocamos os prantexamentos e os rapaces eran os que tiñan que dicirle aos maiores: “veña, vamos...”

O prantexamento barco-pateo-baño-pateo-barco pareceu todo un éxito, á vista dos comentarios dos rapaces.

En setembro, o 29 e 30 temos o Campamento de outono, ¡¡en Quiroga!!

### A Sección

O día 8 fomos en barco a Liméns, cando chegamos baixamos do barco e empezamos a camiñar. Pasamos un matadoiro de baleas e despois por un lago cheo de parrulos. Alí, démoslles un pouco de pan aos parrulos e por último

pasamos pola furna de Santa Marta, que tiña un niño. Despois de moito camiñar chegamos a unha praia, instalámonos, bañámonos e despois xantamos. Despois de xantar fixemos a dixestión e bañámonos outra vez. Sobre as seis recollemos e marchamos, ao chegar ao porto subimos ao arco e ao chegar á estación marítima de Vigo, xogamos un pouco ata que nos viñeron recoller un a un.

Antón



## ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

### Inmersión na illa de Rúa (Ribeira)

21 de maio 2007

O sábado quedamos no Club ás 14:00 para distribuírmonos nos coches e saír cara a Ribeira. Chegamos á hora prevista: un pouquiño antes das 4 da tarde. Alí estaba Jacinto (o dono do club Hydronauta), esperándonos para tomar os datos e falarnos da inmersión. Pola mañá estivo nunha inmersión onde a auga non tiña que envexar nada ao Caribe: unha visibilidade moi boa. A ver se nós tiñamos a mesma sorte!!.

O mar estaba bastante calmo e o traxecto estivo ben, case todos ocupados en atopar o seu equipo e poñelo a punto.

Cando chegamos ao sitio de inmersión, ollamos unha pequena illa con moitas rochas e cun faro; preto botamos a áncora e fixemos parellas ou tríos nalgúns casos. Jacinto escolleu os que tiñan máis inmersións como guías dos grupiños, e unha vez todos listos e equipados, saltiño para atrás ..e á auga.....Non estaba moi fría...a 12°C

O percorrido era sinxelo tiñamos que ir preto das rochas

### Inmersión na ría de Vigo

23 de xuño de 2007

O día 23 de xuño, véspera da noite máis curta do ano (San Xoán); o grupo de subacuáticas saímos gozar dun día de mergullo preto de Cabo Home.

Deixamos o porto ao redor das 12 horas cun día que animaba a pasalo no mar.

Amarramos nunha batea, preto do baixo bautizado como “ALBA” en honor da filla do noso barqueiro Anxo.

Logo da charla previa... ¡TODOS Á AUGA! Descendendo de vagar, pouco a pouco comezaron a facerse visibles as primeiras rochas que conforman unha rede de agochos naturais para todo tipo de peixes, en especial os congros.

A visibilidade posibilitounos ir máis espaxados, e así ollar con máis amplitude a fauna e flora que sobrevive nesta zona azoutada pola continua presión pesqueira, que deixa a súa

ata chegar a unha especie de cova e logo volver. Como a visibilidade non acompañaba moito, algúns non chegamos ao dolmen para ver os santiaguíños, pero outros si que os ollaron e logo no barco puxéronnos os dentes longos.

O que máis teño que destacar era a cantidade de ofiuras que había (estrelas de mar negras e con patillas longas), logo estrelas violetas e unha morea de estrelas amarelas. Tamén nas paredes das rochas puidemos ver apegóns de cristal (Corynactis), esponxas, postas de nudibranchios... A verdade que non estivo nada mal, foi diferente.

Ao rematarnos o aire, subimos ao barco e alguén trouxo unha beberaxe de menta e anís quentiño, que algúns bebemos con ansiedade.

Ao chegar, adozar os equipos e demais xa era hora de marchar para Vigo, pero outros que tiñan moita fame e guiados por Jacinto, atoparon un bar cuns bocadiños de polbo..¡Miña nai querida! ¡Qué pinta tan boa tiñan e iso que os vin por fotografía!

Trachurus

impronta na cantidade de aparellos e artes enferruxados, ciscados por todo o baixo.

Nesta zona hai un lugar de especial interese: entre unha morea de rochas pequenas érguese unha de gran tamaño, que chega dende os 17 metros de fondo ate case os 12 metros da superficie. Ten a forma dun gran ovo, e as súas paredes están cheas de todo tipo de apegóns, gorgonias. Tamén se poden ver nudibranchios, nécoras, arañas de mar, algún rodaballo...

Voar sobre esta rocha, observando o colorido espectáculo natural do fondo cos bosques de algas, os peixes agochándose entre elas, a morea de benxamíns pululando ao noso redor... non ten prezo.

Logo duns corenta minutos, regresamos á superficie, rematamos a xornada falando animadamente e anotando no caderno outra espléndida inmersión. **Jesús Estevez Conde**